



PRAIA DE CARNOTA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 9 km (linel)

Dificultade: baixa

Duración: 4 horas

A enseada de Carnota, que se acolle entre a punta de Caldebarcos e Portocubelo, abeirada por un dos conxuntos de areais máis extensos de Galiza, é un magnífico lugar para pasar varias horas camiñando polas propias características do lugar, area fina e compacta pola que e moi doado camiñar, e o escenario que a complementa, un escenario que ten como pano de fondo a imponente masa de pedra do monte Pindo e polo fronte o cabo de Fisterra e o mar infinito.

A praia de Carnota e as dunas de Caldebarcos forman un sistema de marismas e dunas fixadas pola vexetación separadas do mar por un extenso areal duns 7 km de lonxitude, no que desembocan os ríos Valdebois e Arlindas. A zona de marismas está dividida en dúas partes: Caldebarcos, ao norte e A Lagoa, ao sur, separadas na punta Larada polo río Valdebois. Forma parte, xunto cos montes do Pindo e Buxantes e as Illas Lobeiras, do LIC "Carnota-Monte Pindo". Gran parte dos fondos mariños forman parte do espazo protexido como Reserva mariña de Interese Pesqueiro "Os Miñarzos".

É unha área de grande interese xeolóxico, ecolóxico e paisaxístico. Os ecosistemas son variados: fondos mariños rochosos e areosos, areais, dunas, marismas e cantís e acollen unha rica flora e fauna típicas de rochedos, marismas e dunas. É unha importante área de invernada de aves acuáticas. Nas dunas aniña a pílara papuda (*Charadrius alexandrinus*).

COMO CHEGAR:

Empezamos a camiñada en Caldebarcos, coa marea baixa para poder pasar sen atrancos a Boca do Río, e achegarémonos logo ás dunas para gozar do espectacular conxunto no que séculos de traballo do mar e o vento depositaron moreas de area que mudan de forma e tamaño a pesar do empeño que poñen as plantas por retelas

Oito quilómetros de camiño polos areais con achegamentos ás dunas, á Boca do Río e a Berbericheira, á Lagoa, pola pasarela que ven á praia desde o aparcadoiro de Carro Feito, facer os últimos tramos polos carreiros á beira das pedras, entre as que se agochan as praias de Cons, Xaxebe e Mar de Lira; e continuar pola pasarela, os últimos 400 metros, para rematar en Portocubelo.

Para completar a viaxe podemos achegarnos a coñecer o rico patrimonio etnográfico e artístico da zona: o pequeno portiño de Caldebarcos coas casetas mariñeiras, os hórreos das casas rectorais de Carnota e Lira (os máis longos de Galiza), o cemiterio de Lira, o museo mariñeiro da caseta do Cuco (Portocubelo)... ou apuntarnos a algunha das actividades que organiza a Asociación Mardelira. E se queremos gozar de amplas panorámicas de toda a zona non podemos deixar de subir ás Paxareiras.



Dunas de Caldebarcos.



Panorámica da praia de Carnota co Pindo ao fondo.



Praia de Mar de Lira.



Xunqueiras da Lagoa



Lagoa e marismas de Caldebarcos desde As Paxareiras.



Vexetación nas dunas



Praia de Caldebarcos



Limonium, unha das plantas máis abundantes nas marismas.



Gaiwota chorona comendo un areiro.



Codium tomentosum



Portiño de Caldebarcos



Algas nunha poza de marea.



Vista das praias de Carnota e Caldebarcos desde o alto das Paxareiras.